

BANDO

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),

Informa, a todos os veciños e veciñas do Concello de Ames que:

A partir do 02/05/2016 mudará o sistema pago das seguintes taxas urbanísticas que se esixen en réxime de autoliquidación:

- taxa por expedición de licenzas urbanísticas
- taxa pola licenza de apertura de establecementos ou pola actividade de control posterior daquelas actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable
- taxa por expedición de documentos administrativos expedidos polo departamento de urbanismo como :
 - copias dixitalizadas do PXOM
 - información urbanística
 - certificacións ou informes sobre edificios, solares, antigüidade ou propietarios e actuación similares
 - certificacións de autorizacións de segregación de parcelas urbanas
 - copia de fotografía aérea en papel opaco
 - copia de cartografía en papel opaco
 - copia de cartografía en papel reproducible
 - copia de cartografía dixitalizada

En consecuencia, para o pago destas taxas será preciso dispoñer previamente do modelo normalizado que corresponda, facilitado polo departamento de urbanismo, e presentalo despois nalgunha das entidades financeiras sinaladas no mesmo para facer o ingreso.

Ames, 27 de abril de 2016
O Alcalde



José M. Miñones Conde